



ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO QUE TIVO LUGAR DE FORMA TELEMÁTICA, O DÍA 3 DE OUTUBRO DO 2024.

Acta n.º 38

ASISTENTES:

PRESIDENTE DA FGM

López Sánchez, Alejandro

SECRETARIO XERAL DA FGM

González Iglesias, Carlos

DEPORTISTAS

Carril Comesaña, Roberto

Vázquez Fariña, Gustavo (só asistiu 5 minutos pero non participou nas votacións)

TÉCNICO

Aradas Mariñas, Javier

CLUBS

Asociación de Escaladores Ourenzáns

Club Pena Trevinca Montañeiros de Galicia

Club Montaña Airiños

Club Montaña Vértice

PRESIDENTE/REPRESENTANTE

Böck Villalva, Alfonso

Fernández, Ana María

Castro Soto, Isidro

Álvarez Jorge, Moisés

1. Saúdo e benvida do presidente.

O presidente da FGM Alejandro López Sánchez, ás 20.30 h comeza a reunión, agradecendo a asistencia a todas as persoas participantes.

2. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior da Comisión Delegada da FGM.

Antes de proceder á votación para a súa aprobación, Javier Aradas pide explicación da situación de actas anteriores da Comisión Delegada, concretamente das actas 29 (da reunión presencial do 21 de marzo de 2024) e 32 (da reunión por councilbox do 27 de marzo). O presidente informa de que a salvedade que apuntaba Gustavo Vazquez Fariña con respecto á acta 32 quedou introducida na acta 35, polo que se entendía que, sendo as que son obxecto de cuestión por parte de Javier Aradas actas da directiva anterior, non procede modificación e quedaría aprobada a acta 32 e a 29 debeu discursarse no seu momento. Aínda así, procédese a aprobación das dúas actas, 32 e 35, que son aprobadas por unanimidade dos presentes.

3. Modificación do regulamento de escalada.

O presidente fai unha breve explicación de cómo se gestou e do por qué desta proposta de modificación do regulamento por parte do vocal de escalada da FGM, Fausto Blanco, e de cómo recibiu o visto bó da xunta directiva, do comité de árbitros, do actual responsable de competición José Juan Domínguez e por último do propio director técnico da FGM antes de traelo hoxe á aprobación da comisión delegada.

Explícase que se propoñen básicamente dúas modificacións substanciais, unha que aborda o tema de que persoas con discapacidade poidan participar nas competicións (xa que de momento non temos competicións propias de paraescalada)



**FEDERACIÓN GALEGA
DE MONTAÑISMO**
Rúa Fotógrafo Luis Ksado, 17
Oficina 10 - 36209 Vigo
Pontevedra



**DEPORTE
GALEGO**

e outra que retoma o tema da escalada de primeiros dos deportistas en categoría alevín.

Antes de proceder á votación para a súa aprobación Ana María Fernández propón á revisión e introducción de diferentes aspectos nesta mesma proposta de modificación, e que teñen que ver co tema dos deportistas extranxeiros con licenza FGM, sistema de puntuación nas competición de velocidade, a validación de records nesta mesma modalidade de escalada, aspectos de seguridade como uso de casco e tratamento das colchonetas e alguna matización a maiores que comprométese a enviar por escrito ao correo electrónico de presidencia. Todas estas aportacións reciben a aprobación unánime por parte da comisión delegada e serán introducidas no regulamento.

Procédese á votación da modificación do regulamento de escalada e sae aprobada con catro (4) votos a favor, un (1) en contra e unha (1) abstención.

4. Rogos e preguntas.

Javier Aradas insiste na necesidade de que as convocatorias que se fagan de comisión delegada inclúan toda a documentación e se presenten en tempo e forma, o cal é puntualizado así mesmo por Roberto Carril.

Así mesmo Ana María Fernández insta a Federación para que pregunten na Xunta se este ano teñen previsto sacar as axudas para deportistas federados.

Sen mais asuntos que tratar, dase por rematada a reunión, sendo as 21.05 horas.

Asinado,
O Secretario Xeral da FGM
Carlos González Iglesias

Visto e prace,
O Presidente da FGM
Alejandro López Sánchez